

IMPORTES AXUDAS DE CUSTO, QUILOMETRAXE E OUTROS.

Tempada 2013 - 2014. Circular 13-04.

XERAIS.

A seguir indícanse os importes correspondentes a axudas de custo, quilometraxes e outros aplicables a todos os membros da Federación.

Para calquera desprazamento en vehículo propio a cargo da federación pagaránse 0,20 euros por quilómetro. Empregarase a táboa de distancias quilométricas por estrada do "Mapa de Carreteras" do Ministerio de Fomento.

Independentemente, pagaránse tamén as peaxes, para o que será necesaria a presentación do recibo ou xustificante correspondente.

A axuda de custo por comida establécese en 18 euros.

DESPRAZAMENTOS DA SELECCIÓN GALEGA.

Aos adestradores que se despracen acompañando a calquera das seleccións galegas corresponderalles a cantidade de 30 euros por día de competición. No Campionato de España por Autonomías pagaránse amais 50 euros polos días de desprazamento.

Pagaránselle tamén todos os gastos de desprazamento dos nadadores convocados, incluídos os traxectos de chegada aos puntos oficiais de saída.

CONCENTRACIÓNS ORGANIZADAS POLA FEGAN.

Nas concentracións pagaránse os gastos de desprazamento e aloxamento aos adestradores colaboradores dos clubs.

A Coruña, 27 de setembro de 2013

Secretaría Xeral FEGAN